

Edición xeral

CONVOCATORIA DO ATENEO DE PONTEVEDRA

Filosofía e paisaxe: A pescuda nas "feridas no territorio"

Afondar nas causas dunha "asignatura pendente do país", todo o relacionado co "esnaquizado da paisaxe" favorecido pola indiferencia de boa parte da sociedade durante moito tempo. É o obxectivo, segundo nos conta Antón Sobral, directivo do Ateneo de Pontevedra, do foro para o próximo sábado 27 de xaneiro. Os profesores de Filosofía Ignacio Castro e Antón Baamonde, o economista e antropólogo Marcos Lorenzo, o xornalista Xosé Hermida e o arquitecto Xosé Pichel, reflexionarán sobre as recentes crises que segundo os organizadores puxeron ao descuberto non só "a ineficacia das sucesivas administracións" senón tamén "a nosa mentalidade destroyer".

- 11:27 19/01/2007

Co título "As feridas do territorio", a xornada pretende ir ás causas dos desastres medioambientais que zoupan no país nos últimos tempos: os lumes nos montes, as riadas, o envenenamento químico do río Umia... Na opinión dos promotores do foro son crises que "sentaron no diván o malestar da nosa cultura, a enfermiza relación que mantén una sociedade orgullosa de si mesma co territorio, cos catro elementos fundamentais: aire, lume, auga e terra".

"Que pasa para que todos os elementos, vitais en tempos non tan lonxanos, sexan agora perigosos? Que ten acontecido para que nesta transición do rural ás cidades, todo se anegue e o territorio se convierta nun espazo inseguro?", pregúntanse.

A cita, organizada polo Ateneo de Pontevedra e o Colexio de Arquitectos de Galicia, ten lugar o sábado 27 de xaneiro, en xornada de 11 a 14 horas, e 17 a 20 horas, na Sala de Conferencias do Centro Social Caixanova Pontevedra.